



Viaxe a Vigo para ver o Pergamiño Vindel

25 de novembro de 2017

Trátase do manuscrito que contén o cancioneriño do gran poeta do século XIII Martín Codax: as súas deliciosas sete cantigas de amigo, as sete cancións postas na boca dunha mocíña namorada («amiga») que agarda, coitada, a chegada do seu namorado («amigo»). É como unha noveliña de amor en sete secuencias. Vigo, o topónimo Vigo, aparece mencionado, nos 98 versos do cancioneriño, 21 veces, o que ten feito pensar aos estudosos que o autor deste prodixioso relato poético, Martín Codax, ou era de Vigo ou tivera relación estreita con Vigo, daquela unha visiña.

Este manuscrito pertence actualmente á The Morgan Library Museum, de Nova York que foi quen o mercou en 1977. Agora cédesllos ata o 4 de marzo do 2018.

O pergamiño, que leva o nome do libreiro que o descubriu en 1914, é unha mostra musicada única do cancionero galego-portugués.

*As cantigas de amigo son un dos piares da nosa lingua e unha das
claves da nosa historia*



A visita guiada para ver o *Pergamiño Vindel* será o sábado 25 de novembro ás 17.00 h. E tamén visitaremos o resto do **Museo do mar** e outros lugares de interese na zona pola nosa conta.

Regreso ás 20.30 h.

As prazas son reducidas. Máximo 30 persoas.

Saída ás 10.00 h desde a EOI

Organiza o Equipo de Dinamización Lingüística da EOI